

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 03.08.2017

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.08 h do 03.08.2017, baixo a presidencia do alcalde Juventino José Trigo Rey, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Gumersindo Pedro Galego Feal, Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Panceiras, Ana María Novo Picos, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María del Carmen Martínez Rodríguez

Secretaria accidental:

María Milagros López Álvarez

Interventora:

Iria Luisa Díaz Gavela

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1. Aprobación, se procede, das actas da sesión extraordinaria do 22.02.2017 e das sesións ordinarias do 02.03.2017 e do 04.05.2017**

Ao non haber ningunha obxección, o presidente declara aprobada as actas da sesión extraordinaria do 22.02.2017 e das sesións ordinarias do 02.03.2017 e do 04.05.2017.

### **2. Dación de conta das Resolucións da alcaldía dende o núm. 714/2017 ao núm. 839/2017**

Os concelleiros danse por informados.

### **3. Dación de conta do período medio de pagamento global aos provedores e do informe sobre o cumprimento das previsións das medidas de loita contra a morosidade na operacións comerciais, correspondente ao segundo trimestre do 2017**

Os concelleiros danse por informados.

### **4. Dación de conta do pase á condición de concelleiros non adscritos dos concelleiros Xoán Manuel Rodríguez Bastida e César Daniel Castro García**

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, que di que se trata dunha moción de conta, pero o seu grupo lamenta semellante decisión e semellante informe que vai privar a dous concelleiros desta Corporación do lexítimo exercicio dos seus dereitos. Parécelle moi grave e o goberno ten que ver nisto, así nas propias comunicacións do partido PPdG, consta mal no propio informe xa que se trata Participación Democrática Directa de Galicia, PDDdG, indícase que Xosé Manuel Rodríguez Bastida e César Daniel Castro García non son afiliados do partido. Como é posible que un propio partido que manifesta que estas dúas persoas non son os seus afiliados solivianten a vontade popular dos veciños deste Concello, que lexitimamente emitiron o seu voto nas derradeiras eleccións municipais. Isto parécelle gravísimo, rozando as aptitudes delitivas. Parece mentira que suceda isto en Fene, logo de que uns concelleiros elixidos polos veciños por, sinxelamente, un escrito dun partido instrumental que nin

sequera existe e manifesta que estas dúas persoas son os seus afiliados se poida chegar a disolución dun grupo municipal. Isto é semellante ás historias de países que hoxe están nos medios de comunicación.

De seguido fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, que di que, a sabendas de que se trata dunha dación de contas lamenta que no informe que se fixo se adopte unha decisión sen entrar no fondo da cuestión e só se valorou a comunicación deste partido político sen ter en consideración se os órganos que o realiza, son ou non competentes para tomar a decisión, que é o que se debería ter feito para garantir os dereitos democráticos de todos, coa resolución que logo fose oportuna. En todo caso, a institución municipal, dende unha situación grave e delicada que afecta a dereitos fundamentais, debería haber unha decisión e unha fundamentación baseada no fondo da cuestión e non nas formas, que é o menos importante da cuestión. O importante é saber se a decisión que se toma se adopta correctamente ou non. Di que ten bastante dúbidas e entende que o informe que se fixo non é o correcto, que hai que ir ao fondo da cuestión e non sobre unha mera cuestión de formas.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro Xoán Manuel Rodríguez Bastida, que di que non está de acordo con esta decisión e anuncia que acudirá a instancias distintas. Pon de manifesto que na argumentación do partido institucional di que el e o concelleiro César Daniel Castro García non son representantes dese partido, o cal é certo. Ese partido non existe e Somos Fene é bastante anterior á creación dese partido, unha plataforma que se lles ofreceu para obviar os trámites burocráticos para poderse presentar ás eleccións. Lembra tamén que na toma de posesión, Somos Fene foi constituído como grupo municipal o 07.07.2015. Por outro lado, aquel partido dixo que lle abriría expediente aos dous concelleiros, que non son daquel partido, de acordo coa asemblea municipal, que non existe, pide que se designe a unha persoa responsable da instrución, que non hai ningunha. Este partido non lle comunicou absolutamente nada nin a el nin ao concelleiro César Daniel Castro García. Como se dixo, esta é unha dación de contas e eles tomaran as medidas que consideren oportunas para a defensa do seu dereito fundamental.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di que, como ben se dixo, trátase dunha dación de contas. Intenta limitarse ao que marca a lexislación e está totalmente de acordo que acudan, imaxina, contra ese propio partido que o representa, a adoptar as medidas oportunas. O goberno actual intentará que os concelleiros non perdan ningún dereito ou, se é o caso, o menor dereito, así intentará que teñan a mesma representación, segundo se avanzou o outro día, para posibles reunións.

Os concelleiros danse por informados.

## **5. Mocións urxentes**

Non se presenta ningunha.

## **6. Rogos e preguntas**

O voceiro do grupo municipal do PP, Gumersindo Pedro Galego Feal, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Di que o seu grupo non vai facer preguntas e só fará un rogo. Dille ao alcalde que isto é o que duran os seus Plenos, así levan máis dun ano e quen enche de contido os Plenos é a oposición, xa que trata de que as súas preguntas avancen á acción de goberno. Aquí a súa acción de goberno non avanza, só o fai para determinadas cuestións de persoal, de bolsas e demais. Para isto si sabe avanzar pero respecto do demais segue estancado. Pregúntalle ao alcalde se lle vai preguntas polo Punto Limpo, os pasos elevados e soterrados, polos desbroces, por como están as pistas municipais, por uns rebacheos que fixo que foron unha auténtica vergoña, incluso puxo en perigo a máis persoas das que intenta beneficiar. Por iso, pregúntalle ao alcalde que lle vai preguntar?. Rógalle que se non sabe facer as cousas, se non ten goberno ou iniciativa para gobernar, Fene ten moitos problemas e temas para sacar adiante. Dille ao alcalde que non ten a confianza do Pleno, nin a confianza e os votos dos veciños de Fene. Por iso rógalle que se vaia, xa que o único que sabe facer son cousas como esta dación de conta, cousiñas de persoal bastante graves e nada máis. Logo disto o Pleno acabouse.

O voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, fai os seguintes rogos e preguntas:

- É certo que os Plenos só teñen un contido formal e están bastante escasos de contidos, pero o seu grupo si quere trasladarlle algunhas cuestións ao goberno.

- Roga respecto do acto da homenaxe ao alcalde Ramón Souto que aprobou este Pleno. O goberno pasou unha proposta e o seu grupo pediu, xa no anterior Pleno, unha xuntanza que tivo lugar dous días antes da Comisión Informativa na que se avanzaron algúns aspectos. Pensa que a contía segue a ser un pouco exigua pero quere chamar a atención respecto dous aspectos nos que non hai acordo, xa que o que aprobou o Pleno son cousas distintas co proposto. Así remítese a acta que toma o acordo que di que o Concello de Fene creará o premio periodístico Ramón Souto González, destinado a profesionais dos medios que destaquen cada ano na defensa das liberdades e da democracia. Aquí non se fala de premios a arquivos periodísticos ou temáticas de memoria histórica. Roga que se avance sendo rigorosos coa literalidade do acordo adoptado no Pleno. Tamén quere pedir un esforzo respecto do punto sexto do acordo que fala da placa da praza, que será colocada nun lugar visible e preferente, na que se explicará o motivo do nome da mesma. Reitera o rogo de que se sexa fiel coa literalidade do acordo, así non se fala de incluír citas, por moi ilustres que estas sexan.

- Roga algunha explicación máis respecto dos incidentes que ocorreron hai algo máis dunha semana no río Cádavo. Sabe que se deron explicacións na Comisión. Di que ten detectado dous incidentes, un o baleirado do depósito do muiño e outra un vertido, que ao día seguinte tintou de cor branco as augas do río. Sabe que houbo persoal ao servizo do Concello que recolleu peixes mortos do río, está acreditado e hai fotografías. Rógalle á concelleira delegada que volva explicar que pasou.

- Reitéralle ao goberno para que actúen no tema das bandeiras, pois segue a ver trapos esfarrapados e non bandeiras. Esta situación vense producindo dende hai tempo e xa se falou del no Pleno pasado e aínda non se cambiaron.

Contéstalle o alcalde que supón que mañá xa estarán postas, tanto no Concello como no Xulgado, pois aínda chegaron hoxe.

- Respecto das obras na Galiña Azul, o alcalde informoulle na Xunta de Voceiros dunha distribución de traballos pendentes na escola entre o Concello e a Xunta de Galicia, o que lle parece que aínda que chegue tarde está ben. Díxolles que o Concello asumiría o drenaxe exterior e o pintado e a Xunta a reposición do linóleo, pero quedan pendentes dúas obras, que para el son fundamentais, o tellado e un dos penais que está inestable. Lémbrale ao alcalde que hai informes técnicos de xullo de 2016 e que, para estas obras, xa había un proxecto, estaban orzamentadas e incluso se tiñan pedido orzamentos. Os informes técnicos municipais falaban de risco de derribo e había unha perigosidade potencial para os usuarios da Galiña Azul. No tellado, a canalización das augas está en mal estado e, é moi probable que acabe por romper, co risco de que as augas vertesen dentro. Por todo isto o informe conclúe que urxía a súa reparación. Por iso non comprende, se estas obras eran urxentes para os servizos técnicos municipais en xullo de 2016, se había proxecto para a súa reparación, incluso orzamentos pedidos, como se volve deixar sen arranxar?, entendendo que as outras actuacións tamén son importantes. Por iso rógalle ao goberno que recuperen eses proxectos e os informes dos técnicos para actuar en consecuencia.

Contéstalle o alcalde que espera que mañá estean rematadas as obras, cando menos as obras comprometidas polo Concello. Estase comprobando o tellado, porque as humidades poden vir doutras zonas. Se é posible se farán as obras, unha vez comunicadas previamente ao xerente do Consorcio. Co novo convenio co Consorcio, Fene debe notificarlle previamente as obras, xunto co seu orzamento propio antes de facelas para poder así restalas. Intentarán facer as cousas o mellor posible para non ter logo discusións co propio Consorcio.

- Chámalle a atención diversas solicitudes que fixeron veciños e veciñas do Concello. Hai unha zona da estrada da Palma, xusto logo do Día, na que hai distintas problemáticas, roedores, malezas ou a rede de saneamento. Cal é a previsión do goberno para a actuación desas zonas?

Contéstalle o alcalde que pode ser algo que entrou hoxe as 14.00 h por rexistro e por tanto aínda non o ten estudado.

- Hai una vella petición respecto do camiño que vai dende os Penares a Mundín que solicita distintas actuacións, unha pequena ponte para o río ou o firme do trazado. Sabe que son peticións, cando menos, de hai dous anos e pensa que vai sendo hora de ir atendéndoas.

- Respecto dos centros de saúde, ademais de veciños e traballadores da área sanitaria de Ferrolterra, o alcalde informoulle sobre a precariedade dos medios humanos. Fíxose unha reunión de alcaldes da contorna para tratar esta cuestión, que afecta a un número moi importantes de veciños e dixo que cando houberse novidades volvería informar. Agradécelle isto, pero considera que se debe ser máis proactivos, xa que é un tema urxente. Parécelle ben que haxa unha iniciativa dos distintos concellos xa que é un xeito correcto de solucionar as cousas cando hai problemas que afectan a veciños de máis dun concello, pero rógalle ao goberno que Fene acelere os traballos que se estean facendo para convertelos en actuacións o antes posible, porque o tema é importante.

Contéstalle o alcalde que na reunión que se mantivo entre os Concellos da Capela, Ares, Mugaros e Fene, díxose que Fene fose quen fixera as xestións oportunas para falar co xerente. Fene fixo estas xestións e ese mesmo día xa se falou con el telefonicamente, conversa que durou media hora e na que se lle deron explicacións. O xerente marchou ao día seguinte de falar, por motivos persoais, e onte sobre as 12.00 h houbo unha reunión entre responsables do Sergas, os médicos e o equipo sanitario. Cando teñan aclarado entre eles como se vai facer avisarano para manter unha reunión e está pendente da chamada para facela. Unha vez se faga esta reunión, faralle chegar á oposición o que alí se fale.

- O monumento dedicado a María Gloria Vidal que se atopa en mal estado, está no chan. Hai prevista algunha actuación ao respecto?. Roga que se faga o antes posible.

Contestalle a concelleira de Servizos, Alejandra Permuy Meizoso, que onte un coche sufriu un accidente, aproximadamente ás 20.00 h e claro que se vai arranxar, pero que sendo rápidos e bos, ao goberno non lle deu tempo a arranxalo.

- Lembra unha cuestión xa formulada en varias Comisións e no Pleno, á que o goberno sempre dixo que trataría de atendela, pero ata o momento non foi así. Trátase do alumeadado do Río Sa, un camiño que utilizan moitos veciños e xente para pasear. Roga que se atenda esta demanda veciñal.

- Pregúntalle á Concelleira de Persoal, logo de ver que nas últimas semanas corrían as listas de peóns que entraron a traballar, pero curiosamente logo de entrar a traballar ao día seguinte víronse conducindo camiións municipais cando a lista de condutores non se moveu. Non entende esta situación e parécelle que non hai moita posible explicación. Lembra que isto non é a primeira vez que pasa, pero pasou porque non había lista de condutores e algún peón acabou conducindo, pero agora que hai as dúas listas non o entende. Pregúntalle que pasou?, e rógalle que isto non volva pasar.

Contéstalle a concelleira de Persoal, Alejandra Permuy Meizoso, que as súas informacións son ultimamente un pouco irregulares e pídelle que lle diga ao seu informador que estea un pouco máis atento, xa que hai un chofer condutor substituíndo a outro chofer condutor, así que esa lista correu, hai unha persoa traballando. Respecto da lista de peóns están traballando o número un, dous, tres; chamouse ao número catro, cinco, seis, sete, oito, nove e dez, que xa estaban traballando polo que chamouse ao número once que tamén entrou a traballar no Concello. É certo que hai un traballador que ten os carnés de conducir, e por necesidades de servizo, uns días, algo que vostede (polo voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo) sabe perfectamente como é, que por algo leva sendo concelleiro tantos anos. Por iso estráñalle que por un par de días non compense, ás veces, substituír xa que duran máis os trámites burocráticos. Por tanto durante un par de días un peón si conduciu un camiión, que non ten asignada unha praza de condutor, por iso tampouco se podía substituír. Esa persoa fixo de peón, estivo no camiión do lixo, estivo limpando, barreando e facendo o que lle corresponde de peón. Entraron a traballar as persoas que ocupan o posto número un, cinco e once.

- Lémbrale ao goberno a pregunta que fixo no último Pleno respecto da parcela núm. 26 da rúa Travesa. Píde que lle informen como está o expediente, como está o expediente de disciplina urbanística que presentou un veciño hai xa máis de seis meses na travesía do Catalán.

Contéstalle o concelleiro de Urbanismo, Justo Martínez Ardá, que no expediente de maleza da rúa Travesa o encargado foi ata a finca con diferentes empresas para solicitarlles orzamentos e agora

estase á espera deles. O máis económico fará o traballo. En canto ao expediente da travesía do Catalán non ten os datos agora, non obstante informarlle na seguinte Comisión.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, para unha cuestión de orde, que segundo o Regulamento orgánico municipal as preguntas non contestadas nun Pleno haberá que contestalas no seguinte Pleno, así dille ao concelleiro de Urbanismo que a pregunta que dixo que lle contestaría na Comisión xa foi feita no anterior Pleno polo que dille que vai con retraso. Non obstante non insistirá máis e darase por satisfeito se contesta no seguinte Pleno.

- De todos os concellos da Coruña, coñece o goberno algún no que logo dun ano de funcionamento do goberno haxa dúas persoas nomeadas como funcionarios interinas que ían nas listas do grupo de goberno? Sorpréndelle que haxa tanta coincidencia.

Contéstalle o alcalde que non merece resposta. Se agora resulta que a xente que se presenta nunha lista determinada dun partido, de calquera partido político, non ten dereito a presentarse a unhas oposicións e ir a un exame..., pensa que iso chámase fascismo. Se a xente non se pode presentar, por ideoloxía, é totalmente inconstitucional. Deixa claro que o Concello non lle pide a ninguén ningún carné para presentarse a uns exames. Se a través destas listas nos dous últimos anos entraron neste Concello a facer substitucións corenta ou cincuenta persoas e só dous teñen algo que ver co partido que goberna é para tomar nota. Ao mellor os demais teñen que ver cos demais partidos e ninguén abriu a boca para nada. Ata agora, cada un milita onde quere, non se pregunta. Pensa que non é labor deste goberno mirar quen se presenta a uns exames ou non. Cada un terá a mentalidade que ten para pensar deste xeito.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal Socialista, Antón Lois Noceda Carballo, para unha cuestión de orde, que segundo o Regulamento orgánico municipal pódese instar en calquera momento e o alcalde ten a liberdade de atendela ou non. Solicito unha quenda por alusións porque entende que o alcalde aludiu persoalmente á consideración que fixo. Aclara que el non entrou a considerar os dereitos que ten a xente que milita nos partidos ou non. Unicamente preguntou por unha cuestión estatística, por unha casuística concreta que ademais dixo con claridade que se refería aos outros 92 concellos da provincia que non son Fene. Non quere limitar os dereitos de ninguén, e por tanto, tampouco quere que se lle conteste con iso.

O concelleiro non adscrito, César Daniel Castro García, fai os seguintes rogos e preguntas:

- Hai unha xuntanza pendente entre os técnicos de Fene e Cabanas para desatascar o intento de formalización do Ente de Conservación do Polígono Vilar do Colo. Leva cinco ou seis Plenos preguntando por esta xuntanza. Roga que se produza.

- Somos Fene non puido participar na xuntanza para acordar o acto de homenaxe a Ramón Souto e roga que se lles convide cara a vindeira xuntanza porque fixeron unhas aportacións na Xunta de Voceiros e queren participar na organización dun acto que se congratula de promover.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 18.48 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria accidental

Juventino José Trigo Rey

María Milagros López Álvarez